

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B).

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, configura unha nova organización e currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato que implica a desaparición ou cambio de denominación dalgunha das materias existentes no sistema educativo anterior e a aparición de novas materias.

De conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no exercicio da potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

Xa que logo, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia, eficiencia, seguridade xurídica, transparencia e, sen dúbida, de eficiencia para evitar cargas administrativas innecesarias como a que suporía a formulación dunha nova solicitude de habilitación para as persoas que posúen unha formación de educación superior adecuada acreditada mediante a preceptiva resolución de habilitación que lles permite impartir o currículo das novas materias establecidas, procede habilitar de oficio a estas persoas de acordo coas correspondencias establecidas no anexo desta orde. Así mesmo, habilitarase de oficio a todas as persoas que posúan unha resolución de habilitación de materias que manteñen no novo sistema a mesma denominación do anterior sistema educativo.

Pola súa vez, as persoas que non posúan unha resolución de habilitación que lles permita a habilitación de oficio nas novas materias ou naquelas que manteñen a mesma denominación, poderán solicitar a habilitación nestas materias nos prazos de presentación de solicitudes establecidos no artigo 13 da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B).



Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DISPÓN:

Artigo único. *Modificación da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B)*

Aprobar a modificación da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B) nos seguintes termos:

Engádesse unha nova disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Habilitación de oficio*

1. As persoas habilitadas para impartir docencia nos centros privados nas materias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, serán habilitadas, de oficio, nas novas materias da educación secundaria obrigatoria e/ou do bacharelato da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo as correspondencias que se relacionan no anexo desta orde. Cando a habilitación que se posúa sexa para centro e materia, ou para unha etapa educativa, a nova habilitación manterá as mesmas condicións.

2. As persoas habilitadas para impartir docencia nos centros privados nas materias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa serán habilitadas, de oficio, nas materias da educación secundaria obrigatoria e/ou do bacharelato cuxa denominación sexa coincidente coas da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación nas mesmas condicións da habilitación anterior».

Disposición derradeira primeira. *Autorización de desenvolvemento*

Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO

Habilitacións LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa)	Habilitacións LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)
Bioloxía e xeoloxía (ESO/BTO)	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (BTO)
Física (BTO)	Ciencias Xerais (BTO)
Bioloxía (BTO)	Ciencias Xerais (BTO)
Música (ESO)	Coro e Técnica Vocal (BTO)
Linguaxe e Práctica Musical (BTO)	Coro e Técnica Vocal (BTO)
Debuxo técnico (BTO)	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño (BTO)
Economía (ESO/BTO)	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (BTO)
Economía (ESO/BTO)	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial (BTO)
Economía (ESO/BTO)	Economía e Emprendemento (ESO)
Fundamentos da Arte (BTO)	Fundamentos Artísticos (BTO)
Lingua Castelá e Literatura (ESO/BTO)	Literatura Dramática (BTO)
Lingua Galega e Literatura (ESO/BTO)	Literatura Dramática (BTO)
Matemáticas (ESO/BTO)	Matemáticas Xerais (BTO)
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas (ESO)	Matemáticas A (ESO)
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (ESO)	Matemáticas B (ESO)
Debuxo artístico (BTO)	Movimentos Culturais e Artísticos (BTO)
Historia da Arte (BTO)	Movimentos Culturais e Artísticos (BTO)
Tecnoloxía ESO	Educación Dixital (ESO)
Tecnoloxía ESO	Tecnoloxía e Enxeñaría (BTO)



Habilitacións LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa)	Habilitacións LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)
Tecnoloxía ESO	Tecnoloxía e Dixitalización (ESO)
Tecnoloxía ESO	Dixitalización (ESO)
Valores Éticos ESO	Educación en Valores Cívicos e Éticos (ESO)
Xeografía e historia de Galicia (BTO)	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia (BTO)
Patrimonio artístico e cultural de Galicia (BTO)	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia (BTO)
Xeoloxía BTO	Xeoloxía e Ciencias Ambientais (BTO)
Debuxo artístico BTO	Proxectos Artísticos BTO
Filosofía ESO/BTO	Formación e Orientación Persoal e Profesional ESO

